Bloque 2. Instalacións en vivendas.

Bloque 3. Electrónica

Bloque 4. Control e robótica.

Bloque 5. Pneumática e hidráulica.

Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade.

Os contidos divídense en 7 unidades, a súa temporalización aproximada é a seguinte:

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Unidade 1. Instalacións da vivenda (bloque 2) → 14 sesións.

1. Instalacións nas vivendas.
2. Instalación de auga corrente
3. Instalación de gas.
4. Instalación eléctrica.
5. Climatización da vivenda.
6. Aforro de auga e enerxía.
7. Outras instalacións.

Unidade 2. Comunicación e telemática (bloque 1) → 12 sesións.

1. Comunicación alámbrica e inalámbrica.
2. Comunicación vía satélite.
3. Telefonía móbil.
4. Teléfono móbil.
5. Telemática.
6. Redes informáticas.
7. Internet: estrutura e funcionamento.
8. Tipos de conexión a internet.

Taller → 2 sesións.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Unidade 3. Pneumática e hidráulica (bloque 5) → 14 sesións.

1. Presión.
2. Enerxía pneumática.
3. Producción de enerxía pneumática.
4. Unidade de mantemento.
5. Enerxía hidráulica.
6. Producción de enerxía hidráulica.
7. Conducións e conexións pneumáticas.
8. Conducións e conexións hidráulicas.
9. Elementos de traballo: cilindros.

Unidade 4. Circuitos pneumáticos e hidráulicos (bloque 5) → 12 sesións.

1. Circuitos pneumáticos.
2. Circuitos hidráulicos.
3. Simuladores pneumáticos e hidráulicos.

Taller → 3 sesións.

TERCEIRA AVALIACIÓN:**Unidade 5. Electrónica e compoñentes (bloque 3) → 13 sesións.**

1. Compoñentes electrónicos.
2. Circuitos impresos.
3. Circuitos integrados.

Unidade 6. Automatismos eléctricos (bloque 4) → 13 sesións.

1. Automatismos.
2. Elementos dun automatismo eléctrico.
3. Sistemas de control.
4. Funcións lóxicas básicas.
5. Sensores eléctricos.
6. Autómatas programables.
7. Programación de autómatas.
8. Programación e simulación.

Unidade 7. Tecnoloxía e ser humano (bloque 6) → 4 sesións.

1. Nacemento da técnica: Paleolítico.
2. Mesolítico e Neolítico.
3. Primeiras civilizacións.
4. Enerxía hidráulica e enerxía eólica.
5. Enerxía térmica e Revolución Industrial.
6. Evolución do transporte aéreo.
7. Aceleración tecnolóxica do século XX.
8. Actividade tecnolóxica e impacto ambiental.
9. Recursos naturais.

Taller → 2 sesións.

10. Mínimos esixibles

10.1. 2º CURSO DA ESO.

- TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
- TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.
- TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.
- TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
- TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.
- TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.
- TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.
- TEB3.2.1. Identifica as ferramentas do taller empregadas en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico e explica como manipularlas con seguridade.
- TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo de taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.
- TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.
- TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.
- TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.
- TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.
- TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.
- TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.
- TEB4.2.5. Deseña sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.
- TEB4.3.1. Deseña circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.
- TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada.
- TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.

- TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.
- TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
- TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.
- TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.

10.2. 4º CURSO DA ESO.

- TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.
- TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
- TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.
- TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
- TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando una linguaxe de programación.
- TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.
- TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.
- TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.
- TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.
- TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.
- TEB2.3.1. Analiza o funcionamento de montaxes sinxelos.
- TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.
- TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.
- TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
- TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.
- TEB3.3.1. Deseña circuítos electrónicos básicos.
- TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.
- TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.
- TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.
- TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.
- TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.
- TEB4.2.1. Representa automatismos sinxelos.
- TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.
- TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
- TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.

- TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.
- TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos mediante simulación.
- TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.
- TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.
- TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionando inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.
- TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.

11. Avaliación tecnoloxía de 2º e 4º curso da ESO

11.1. Procedementos de avaliación

- **Avaliacións ordinarias.**

Repartirase a materia en 3 avaliacións. **En cada avaliación realizarase como mínimo un exame escrito.**

Nas avaliacións ordinarias tamén se valorará o traballo do alumnado (os traballos, as tarefas e os proxectos feitos ao longo da avaliación), de acordo cos criterios de cualificación.

- **Recuperacións.**

As recuperacións das partes suspensas realizaranse mediante exames escritos. Os contidos que se suspendan na primeira ou na segunda avaliación recuperaranse na avaliación seguinte. Os que se suspendan na terceira avaliación recuperaranse ao final da terceira avaliación.

Deberanse recuperar todos os contidos nos que se obtiveron puntuacións inferiores a 3 puntos nos exames escritos. Os exames escritos suspensos con notas iguais ou superiores a 3 puntos deberán ser recuperados só cando a nota media da avaliación sexa inferior a cinco, de acordo cos criterios de cualificación.

A alumna ou alumno que non aprobe a materia despois de facer as recuperacións ordinarias poderá realizar recuperacións extraordinarias das partes suspensas. Estas recuperacións extraordinarias faranse despois da terceira avaliación.

- **Avaliación final ordinaria.**

O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Logo da 3ª avaliación, para o alumnado coa materia suspensa realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño dos correspondentes exames de recuperación. Os alumnos suspensos durante as clases dese período resolverán as dúbidas, recibirán as explicacións precisas e realizarán actividades para preparar as recuperacións.

Os alumnos coa materia aprobada durante as clases dese período resolverán as dúbidas, recibirán as explicacións precisas e farán actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación.

11.2. Instrumentos de avaliación

- **Exames escritos** (instrumento fundamental de avaliación).
- Observación sistemática do rendemento académico nas clases e na casa:
 - **Actividades da aula virtual.**
 - **Traballos e actividades escritos a man ou co ordenador.**
 - **Proxectos.**

11.3. Criterios de cualificación

Os exames escritos, os traballos, as actividades e os proxectos feitos ao longo da avaliación serán valorados de 0 a 10 puntos.

Para calcular a nota media dos exames escritos realizarase a media aritmética de todos os exames escritos feitos ao longo da avaliación.

Os exames escritos nos que o alumnado non se presente e non xustifique a falta serán valorados cun 0. Igualmente, os traballos, as actividades e os proxectos non presentados terán unha valoración dun 0.

- **Avaliacións ordinarias.**

A nota de cada avaliación calcularase ponderando un 75% a nota media de todos os exames escritos e ponderando un 25% a nota do traballo do alumno.

Para aprobar a avaliación a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

Para poder aprobar unha avaliación, todos os exames escritos deberán ter unha nota igual ou superior a 3. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar o cálculo (utilizando as ponderacións mencionadas) sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

Para calcular a nota relativa ao traballo do alumno, asignaráselle unha ponderación a cada traballo, actividade ou proxecto feito durante a avaliación. Dita ponderación variará en función da dificultade e laboriosidade do traballo, a actividade ou o proxecto.

- **Recuperacións.**

Para recalcular a nota da avaliación escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles: nota do exame inicial ou nota da recuperación. **En caso de facer máis dunha recuperación, dunha mesma parte da materia, terase en conta a recuperación na que sacase maior nota.**

Para recalcular a nota da avaliación, **a nota do traballo do alumno (25 %)** só terase en conta se favorece ao alumno. En caso contrario, unicamente terase en conta **a nota media de todos os exames escritos.**

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións. Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia logo da terceira avaliación farán actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A realización desas actividades e/ou traballos permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).**

11.4. Criterios de corrección e puntuación

Nos exames escritos a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación. O mesmo criterio terase en conta á hora de corrixir os traballos e as actividades.

Nos proxectos valorarase que este funcione de acordo ao previsto, a precisión nos cortes e nas unións e tamén os acabados.

12. Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO

Ao principio de curso realizarase unha proba escrita a man e/ou co ordenador para avaliar os coñecementos previos do alumnado, así como as súas capacidades, cuxo resultado será determinante para a práctica docente.

En 2º da ESO, ao ser o primeiro ano que cursan tecnoloxía, a proba basearase nos contidos das áreas máis afíns á tecnoloxía.

13. Plan de seguimento das materias pendentes na ESO

13.1. Procedemento para a cualificación das materias pendentes na ESO

Os membros do departamento de tecnoloxía decidimos que, dado que no presente curso será imposible impartir clases específicas de recuperación de materias pendentes (tecnoloxía de 2º e 3º da ESO), e ao non considerarse a área como de contidos progresivos, o programa de reforzo para a superación de materias pendentes de cursos anteriores consista na **realización de actividades escritas a man** por parte dos alumnos.

Os contidos esixibles serán os que aparecen no apartado de mínimos esixibles da programación de tecnoloxía da ESO.

- **Avaliación ordinaria.**

- **Antes de que remate a 3ª avaliación.**

Antes de que remate a terceira avaliación parcial o alumnado terá dúas opcións para recuperar a materia de tecnoloxía pendente:

- a) **Exame escrito.**

No mes de maio haberá un **exame escrito de todo o temario.**

- b) **Actividades escritas a man.**

Repartirase a materia en dous bloques e entregaráselle a cada alumno actividades de cada un dos bloques. **As actividades deberán ser realizadas polo/a alumno/a a man**, nun caderno. Realizaranas pola súa conta, coa axuda de todo o material didáctico que desexe. As dúbidas que lle xurdan resolveranas con calquera profesor do Departamento.

Deberán ser **entregadas en man a algún profesor do Dpto. de Tecnoloxía. A data límite** para que os alumnos entreguen as actividades feitas será: **bloque 1, último día lectivo antes do 15 xaneiro e bloque 2, último día lectivo do mes de abril.** Aos alumnos que entregan as actividades nos prazos sinalados, e unha vez corrixidas polo profesor, daráselles un prazo adicional de 15 días para a repetición das actividades incompletas e/ou incorrectas.

- **Despois de que remate a 3ª avaliación.**

Despois de que remate a terceira avaliación parcial o alumnado terá dúas opcións para recuperar a tecnoloxía pendente:

- c) **Exame escrito.**

No mes de xuño haberá un **exame escrito de todo o temario.**

- d) **Actividades escritas a man.**

Só o alumnado que teña entregado antes de que termine a 3ª avaliación polo menos o 75 % das actividades (realizadas de maneira correcta) poderá entregar as actividades que lle faltan para aprobar antes do 10 de xuño.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Logo da terceira avaliación, para o alumnado que teña a materia de pendentes suspensa realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño dos correspondentes exames de recuperación.

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final poderán facer actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación.

Os membros do departamento estarán algún dos recreos que teñan libres (previa cita) aclarando posibles dúbidas dos/as alumnos/as e dando as explicacións que necesiten.

13.2. Instrumentos de avaliación das materias pendentes na ESO

Os instrumentos de avaliación que se empregarán son:

- **Exames escritos.** Un en maio e outro en xuño.
- **Actividades escritas a man.** Realizadas ao longo do curso.

13.3. Criterios de cualificación das materias pendentes na ESO

a) **Exames escritos.**

Os exames escritos serán valorados de 0 a 10 puntos. Os exames nos que o alumno non se presente e non xustifique a falta serán valorado cun 0. En caso de facer dous exames, un en maio e outro en xuño, para determinar a nota da avaliación final terase en conta o exame coa nota máis alta.

b) **Actividades escritas a man.**

Só se valorarán as actividades entregadas dentro dos prazos establecidos. A nota máxima que se poderá obter entregando actividades será un 5. O alumnado que queira obter unha nota superior a un 5 na avaliación final ordinaria deberá conseguila nos exames de pendentes.

O alumnado deberá entregar un mínimo dun 90% das actividades escritas a man realizadas de maneira completa e correcta para obter un 5.

A nota que obterá o alumnado que non presente en prazo, como mínimo un 90% das actividades completas e correctas, será inferior a 5. Dita nota será proporcional ao número de actividades entregadas de maneira completa e correcta, considerándose o 5 cando se entreguen un 90% de actividades completas e correctas.

- **A nota da avaliación final será a maior das dúas obtidas: a nota do exame con mellor nota (a) ou a nota das actividades escritas a man (b).**

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia logo da terceira avaliación poderán facer actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A realización desas actividades e/ou traballos permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).**

13.4. Criterios de corrección e puntuación

a) Exames escritos.

Nos exames escritos a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación.

b) Actividades escritas a man.

Cada actividade será valorada como correcta ou incorrecta. Durante o curso haberá uns prazos para que o alumnado corrixa e complete as actividades incorrectas.

14. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Tendo en conta os principios metodolóxicos establecidos no Decreto 86/2015 e as orientacións metodolóxicas do anexo II da ECD65/2015, a metodoloxía ha de ser activa, participativa, investigativa, inclusiva e contextualizada.

Na área de tecnoloxía, xa que o alumnado ten que adquirir as competencias clave, para un proceso de ensino–aprendizaxe competencial, o emprego de estratexias interactivas é fundamental, polo que a realización de proxectos e construción é prioritario.

Os principios metodolóxicos xerais que serán utilizados para organizar o proceso de ensino no área de Tecnoloxía son:

- Metodoloxía activa, participativa, investigativa, inclusiva e contextualizada baseada na aprendizaxe autónoma dos alumnos.
- Partirase das ideas e concepcións previas do alumnado, favorecendo a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contemplará a atención personalizada do alumnado, respondendo á súa diversidade.
- Os contidos e actividades propostos serán significativos para o alumnado.
- Buscará a funcionalidade, como unha utilización variada de medios, técnicas e recursos didácticos encamiñados ao mellor coñecemento do mundo tecnolóxico e das súas aplicacións e consecuencias.
- O profesor/a é o axente que estrutura as experiencias de aprendizaxe e estimula o alumnado.
- Estableceranse unha serie de ideas eixe, fortemente motivadoras para o/a alumno/a e susceptibles de ser desenvolvidas como contidos de análise, deseño e avaliación de obxectos e sistemas técnicos que aporten solucións aos problemas suscitados.

A **Metodoloxía Expositiva** será utilizada por parte do profesor/a en momentos clave, tales como formulacións introdutorias das unidades didácticas, sínteses periódicas e sínteses finais. Levarase a cabo naqueles momentos nos que o alumno necesite unha base técnica ou científica imprescindible para construír a súa aprendizaxe.

Outras Metodoloxías **de Indagación, Experimentación, Análise e Proxecto-Construción** deberán ser utilizadas durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

Nas primeiras sesións do curso dedicaremos o tempo que sexa preciso a explicar ao alumnado como acceder ao curso virtual e o libro dixital (E- Dixgal), que será o que atopará alí e como facer entrega dos traballos e as actividades.

Aínda que se seguirán utilizando recursos como o libro de texto, a proxección de contidos web ou as explicacións no encerado, o libro dixital e recursos que o profesorado teña nos seus respectivos cursos da aula virtual serán empregados no día a día.

15. Materiais e recursos didácticos

Este curso empregaranse materiais e recursos das editoriais dixitais, pero nalgúns temas seguiranse utilizando os libros de texto que había antes de que se implantase o libro dixital, os cales aparecen reflectidos na táboa seguinte:

2º CURSO DA ESO	EDITORIAL BRUÑO, ISBN: 978-84-696-1376-4-6
4º CURSO DA ESO	EDITORIAL BRUÑO, ISBN: 978-84-696-1367-2

Ademais dos libros de texto empregaranse os seguintes recursos:

- Explicacións no encerado.
- Ordenadores.
- Software (paquetes ofimáticos, simuladores, programas de deseño gráfico...)
- Encerados dixitais.
- Canóns de vídeo.
- Vídeos.
- Máquinas e ferramentas do aula-taller.
- Aparatos de medición: polímetros, calibres...
- Operadores tecnolóxicos (eléctricos, electrónicos, mecánicos, pneumáticos).
- Instrumentos de debuxo.
- Bibliografía técnica.
- Prensa.

Os materiais que utilizaremos, entre outros, serán:

- Compoñentes electrónicos: resistencias, led, transistores, relés, condensadores, zumbadores, resistencias dependentes...
- Compoñentes eléctricos: xeradores, condutores, receptores (motores, lámpadas), elementos de conexión, elementos de control (interruptores, pulsadores, conmutadores)...
- Estaño para soldar.
- Taboleiros (de aglomerado, de fibra, contrachapados), listóns de madeira...
- Chapas metálicas e plásticas, perfís metálicos.
- Cartóns, cartolinas e papeis.
- Cordas.
- Parafusería.
- Colas e pegamentos.
- Pinturas e vernices.

16. Medidas de atención á diversidade

O principio de atención á diversidade na área de Tecnoloxía, enténdese como un **modelo de ensinanza adaptativa**. Cada profesor/a, na aula concreta, desenvolverá as propostas de traballo presentadas para cada curso, adaptándoas ás necesidades educativas e ás características particulares do alumnado. Trátase de planificar recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferentes na aula-taller, adaptadas ás diversas necesidades que vaian xurdindo.

As actuacións planificaranse en diferentes ámbitos: contidos, estratexias didácticas, avaliación.

Contidos

Concrétanse e delimitan aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais. Esta selección de contidos ha de ter en conta o posible grao de dificultade, para desta forma, poder atender as prioridades, distribuindo o tempo de acordo con aquelas e fixando uns mínimo para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.

Estratexias didácticas

- Realizar procedementos de indagación ou exploración dos diferentes contidos para detectar o nivel de partida dos alumnos.
- Integrar o alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe e implicalos nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia.
- Propoñer actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos aos contidos e con distintos graos de dificultade.
- Tamén se realizarán actividades de carácter individual, co alumno, por si mesmo e co apoio do profesor.

Avaliación

Deseñar actividades de avaliación variadas, que requiran o emprego de diferentes habilidades e con distintos graos de dificultade.

16.1 Concreción das medidas de atención á diversidade na área de Tecnoloxía

Ademais de empregar un **modelo de ensinanza adaptativa** as medidas de atención á diversidade na área de tecnoloxía centraranse, fundamentalmente, nas seguintes medidas:

- **Adaptacións curriculares** que se apartan significativamente dos contidos e criterios de avaliación. (Se fose necesario).
- **Reforzo educativo.** (Se fose necesario).
- **Materias optativas:**
 - Tecnoloxía de 4º da ESO.
 - TIC de 4º da ESO.
 - TIC de 1º de bacharelato.
 - TIC de 2º de bacharelato.
 - Tecnoloxía e Enxeñería de 1º de bacharelato.

Organizaranse **actividades de reforzo** para o alumnado que teña dificultades para seguir o ritmo do grupo. Os membros do departamento estarán algún dos recreos que teñan libres (previa cita) dando apoio e aclarando posibles dúbidas destes alumnos/as.

17. Programación da educación en valores

A educación en valores traballarase durante todo o curso pero hai unidades e actividades nas que se fará dunha maneira máis planificada.

Empregarase unha metodoloxía expositiva, os valores nos que se incidirá dependerán do bloque de contidos que se estea tratando en cada momento.

17.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Colaboración no traballo en grupo, escoitando e valorando as opinións dos demais.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica.

- Recoñecemento da importancia da expresión gráfica como medio de comunicación.
- Opinión positiva da normalización como necesidade para ampliar e mellorar a expresión e a comunicación.
- Gusto pola limpeza e a orde na presentación de traballos.

Bloque 3. Materiais de uso técnico.

- Interese pola procura dos materiais máis apropiados durante a resolución de problemas concretos.
- Sensibilidade ante o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo de materiais de uso técnico e ante a utilización abusiva e inadecuada dos recursos naturais e predisposición a adoptar hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.
- Adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

Bloque 4. Máquinas e sistemas.

- Predisposición ao aforro de enerxía.
- Sensibilidade fronte ao uso das enerxías renovables.
- Valoración e respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Actitude crítica ante calquera elemento do desenvolvemento tecnolóxico que supoña discriminación por razón económica, sexual, racial, cultural, etc., e predisposición a eliminalo.

Bloque 5. Tecnoloxía da información e da comunicación.

- Respecto pola utilización dos medios informáticos dentro dun marco legal e ético.
- Responsabilidade na difusión e no uso de informacións obtidas ou introducidas en internet.
- Educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.
- Valoración da necesidade de que se coñezan e reclamen os dereitos como usuarios ou consumidores dos servizos que ofrece internet.

17.2. 4º CURSO DA ESO.

Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación.

- Respecto pola utilización dos medios informáticos dentro dun marco legal e ético.
- Responsabilidade na difusión e no uso de informacións obtidas ou introducidas en internet.
- Educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.
- Valoración da necesidade de que se coñezan e reclamen os dereitos como usuarios ou consumidores dos servizos que ofrece internet.
- Recoñecemento da importancia da expresión gráfica como medio de comunicación.

Bloque 2. Instalacións en vivendas.

- Predisposición ao aforro de enerxía.
- Sensibilidade fronte ao uso das enerxías renovables.
- Interese pola procura dos materiais máis apropiados durante a resolución de problemas concretos.

Bloque 3. Electrónica.

- Sensibilidade ante o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo de materiais de uso técnico e ante a utilización abusiva e inadecuada dos recursos naturais e predisposición a adoptar hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.

Bloque 4. Control e robótica.

- Valoración e respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Colaboración no traballo en grupo, escoitando e valorando as opinións dos demais.

Bloque 5. Neumática e hidráulica.

- Opinión positiva da normalización como necesidade para ampliar e mellorar a expresión e a comunicación.
- Gusto pola limpeza e a orde na presentación de traballos.

Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade.

- Actitude crítica ante calquera elemento do desenvolvemento tecnolóxico que supoña discriminación por razón económica, sexual, racial, cultural, etc., e predisposición a eliminalo.
- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

18. Accións de contribución ao proxecto lector

En cada un dos cursos que teñen a área de Tecnoloxía (segundo e cuarto da ESO) o fomento da lectura farase fundamentalmente empregando a aula virtual, o libro dixital, os computadores con conexión a internet, os libros de texto, os canóns de vídeo, os encerados dixitais e a prensa dixital.

Por outra parte, na área de Tecnoloxía o fomento da escritura farase principalmente empregando soportes electrónicos.

A contribución da área de Tecnoloxía ao proxecto lector será:

- Lectura, os días que se impartan clases teóricas, durante un período mínimo de 10 minutos de textos en formato dixital ou do libro de texto como fase previa ao desenvolvemento de calquera contido.
- Lectura atenta dos enunciados dos exercicios dos distintos temas, como fase primeira e fundamental no proceso de comprensión sintética previa e imprescindible para a súa resolución.
- Búsqueda en internet, e posterior lectura, de todo tipo de información que poida enriquecer os contidos da programación didáctica.
- Emprego do encerado dixital e o canón de vídeo para mostrar aos alumnos/as todo tipo de documentos que incorporen información textual e gráfica.
- Elaboración de documentos en soporte electrónico que incorporen información textual e gráfica.

19. Accións de contribución ao plan TIC

O centro foi seleccionado para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal), fai 2 cursos implantouse en 1º da ESO e o curso pasado en 2º, 3º e 4º da ESO.

Ademais dende o curso 2011-12 o centro IES VAL DO TEA pertence ao Proxecto Abalar, estando xa dotadas co material correspondente (ultraportátiles dos alumnos/as, portátil do profesor/a, encerado dixital e canón de vídeo) as aulas de 1º e 2º curso da ESO. Por medio do proxecto Abalar, desde xaneiro do 2016, dotáronse con portátil profesor/a, canón de vídeo e encerado dixital todas as aulas do centro que aínda non os tiñan.

A achega da área de Tecnoloxía ao plan de integración das TIC faise fundamentalmente dende o “mundo da informática”, desenvolvendo algúns dos contidos da materia nas aulas de informática.

Ademais, axudará á integración das TIC o emprego do libro dixital, a aula virtual do centro, os canóns de vídeo, os encerados dixitais e os portátiles dos/as alumnos/as.

Na área de tecnoloxía, as tecnoloxías da información e a comunicación forman parte dos contidos propios da área:

2º curso da ESO.

- Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.
- Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.
- Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.
- Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.
- Identifica as partes dun computador.
- Manexa programas e software básicos.
- Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
- Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.
- Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.

4º curso da ESO.

- Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.
- Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
- Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.
- Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
- Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando un linguaxe de programación.
- Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.
- Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.
- Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.
- Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.

20. Accións de contribucións ao plan de convivencia

- Dar a coñecer entre o alumnado o NOF, especialmente aqueles artigos referidos ás normas de convivencia, á disciplina, o tratamento das faltas, dereitos e deberes.
- Potenciar actividades que favorezan o respecto mutuo.
- Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo.
- Propiciar a colaboración coas familias.
- Constante colaboración coas titoras e titores e co equipo de orientación.

21. Actividades complementarias e extraescolares

Tentarase facer unha saída didáctica co alumnado de 4º da ESO a algunha empresa da zona para motivar aos alumnos e que poidan ver a utilidade práctica dos coñecementos adquiridos na materia.

22. Procedementos para avaliar a propia programación

Unha vez ao mes, nas reunións de Departamento, avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos.

Ao finalizar cada trimestre, nas reunións de Departamento, avaliaremos os resultados académicos.

Ao final do curso, plasmarase na memoria unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación.

23. Procedemento para avaliar a práctica docente.

Ao finalizar cada avaliación cada profesor/a do departamento de tecnoloxía avaliará a súa práctica docente empregando os seguintes descritores.

DESCRITORES: AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4	5
1.- O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?					
2.- Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?					
3.- Conseguiuse a participación activa do alumnado?					
4.- As necesidades do alumnado foron atendidas?					
5.- Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?					
6.- Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?					
7.- Hai coordinación cos titores dos cursos nos que impartimos clase?					
8.- Hai coordinación coas familias?					
9.- Incorporáanse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?					
10.- Emprégase a aula virtual e o libro dixital como un recurso diario?					

PROGRAMACIÓN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC)

ÍNDICE TIC (BLOQUE 2)

1. Competencias clave.....	2
2. Obxectivos.....	3
3. Contidos.....	5
4. Criterios de avaliación.....	8
5. Estándares de aprendizaxe.....	10
6. Táboas LOMCE (Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave).....	13
7. Temporalización	22
8. Mínimos esixibles.....	27
9. Avaliación.....	29
9.1. Procedementos de avaliación.....	29
9.2. Instrumentos de avaliación.....	30
9.3. Criterios de cualificación.....	30
9.4. Criterios de corrección e puntuación.....	31
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	31
11. Plan de seguimento das materias pendentes.....	32
11.1. Procedemento para a cualificación das materias pendentes.....	32
11.2. Instrumentos de avaliación das materias pendentes.....	33
11.3. Criterios de cualificación das materias pendentes.....	33
11.4. Criterios de corrección e puntuación.....	33
12. Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios en TIC I.....	34
13. Metodoloxía didáctica.....	34
14. Materiais e recursos didácticos.....	35
15. Medidas de atención á diversidade.....	36
15.1. Concreción das medidas de atención á diversidade na área Das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.....	36
16. Programación da educación en valores.....	37
17. Accións de contribución ao proxecto lector.....	39
18. Accións de contribución ao plan TIC.....	39
19. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	39
20. Actividades complementarias e extraescolares.....	40
21. Procedementos para avaliar a propia programación.....	40
22. Procedemento para avaliar a práctica docente.....	40

1. Competencias clave

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Despois dos estándares de aprendizaxe desta programación, aparecen as táboas do decreto do currículo que relaciona os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

2. Obxectivos bacharelato

(Os obxectivos da educación secundaria obrigatoria xa se mencionaron no bloque da materia de tecnoloxía).

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

- A materia Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) prepara ao alumnado para desenvolverse nun marco adaptativo; máis aló dunha simple alfabetización dixital centrada no manexo de ferramentas que quedarán obsoletas nun curto prazo de tempo, é necesario dotar dos coñecementos, as destrezas e as aptitudes para facilitar unha aprendizaxe permanente ao longo da vida, de forma que o alumnado poida adaptarse con versatilidade ás demandas que xurdan no campo das TIC. Día a día aparecen novos dispositivos electrónicos que crean, almacenan, procesan e transmiten información en tempo real e permiten ao usuario estar conectado e controlar en modo remoto diversos dispositivos no fogar ou o traballo, creando un escenario moi diferente ao de tempos pasados.
- É imprescindible educar no uso de ferramentas que faciliten a interacción dos mozos coa súa contorna, así como nos límites éticos e legais que implica o seu uso. Doutra banda, o alumnado ha de ser capaz de integrar e vincular estas aprendizaxes con outros do resto de materias, dando coherencia e potenciando o dominio dos mesmos. En 4º de ESO débese prover ao alumnado coas habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios das TIC, a fin de que adquira a soltura necesaria cos medios informáticos actuais para incorporarse con plenas competencias á vida activa ou para continuar estudos. En Bacharelato, a materia debe propoñer a consolidación dunha serie de aspectos tecnolóxicos indispensables tanto para a incorporación á vida profesional como para proseguir estudos superiores.

3. Contidos

3.1. 4º CURSO DA ESO.

Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede.

- B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.
- B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.
- B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.
- B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.
- B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.

Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes.

- B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.
- B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.
- B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.
- B2.4. Arquitectura dun computador. Componentes básicos e características.
- B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.

Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital.

- B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.
- B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.
- B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.
- B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.
- B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.
- B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.
Para poder aprobar unha avaliación, a nota obtida en cada un dos temas ten que ser igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media ponderada sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

- **Recuperacións.**

Cando dalgún tema se faga unha recuperación, para recalcular a nota da avaliación escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles: nota do tema antes da recuperación e nota do tema na recuperación. **En caso de facer máis dunha recuperación, dunha mesma parte da materia, terase en conta a recuperación na que sacase maior nota.**

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase calculando a **media aritmética das tres avaliacións**. Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

Os alumnos de 4º da ESO que xa teñan aprobada a materia logo da terceira avaliación farán actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A realización desas actividades e/ou traballos permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).**

- **Avaliación final extraordinaria (só bacharelato).**

A nota da avaliación final extraordinaria de bacharelato será a nota do exame.

9.4. Criterios de corrección e puntuación

Nos exames a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Nos exames teóricos terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación. O mesmo criterio terase en conta á hora de corrixir os traballos e as actividades.

10. Procedementos para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso realizarase unha proba feita a man e/ou co ordenador. Servirá para avaliar os coñecementos previos do alumnado, así como as súas capacidades.

11. Plan de seguimento das materias pendentes

11.1. Procedemento para a cualificación das materias pendentes

Os membros do departamento de tecnoloxía decidimos que, dado que no presente curso será imposible impartir clases específicas de recuperación de materias pendentes, o programa de reforzo para a superación de materias pendentes de cursos anteriores consista na **realización de actividades por parte dos alumnos**. Dependendo dos contidos o profesor decidirá se deben facerse a man e/ou co ordenador.

Os contidos esixibles serán os que aparecen no apartado de mínimos esixibles da programación das TIC.

- **Avaliación ordinaria.**

O alumnado terá dúas opcións para recuperar a materia de TIC de 1º de bacharelato pendente:

- a) **Exame.**

Na **avaliación final ordinaria** haberá un **único exame**. O profesor decidirá se o exame debe facerse a man e/ou co ordenador.

- b) **Actividades escritas a man e/ou co ordenador.**

Repartirase a materia en dous bloques e entregaráselle a cada alumno actividades de cada un dos bloques. As actividades realizaranas pola súa conta, coa axuda de todo o material didáctico que desexen. As dúbidas que lles xurdan resolveranas con calquera profesor do Departamento.

As actividades feitas a man deberán ser entregadas a algún profesor do Dpto. de Tecnoloxía ou a través da aula virtual. As actividades feitas co ordenador deberán ser entregadas a través da aula virtual.

A **data** para que os alumnos entreguen as actividades será: **bloque 1, último día lectivo antes do 15 xaneiro e bloque 2, último día lectivo antes do 15 de abril**. Aos alumnos que entregan as actividades nos prazos, e unha vez corrixidas polo profesor, daráselles un prazo adicional de 15 días para a repetición das actividades incompletas e/ou incorrectas.

- **Avaliación final extraordinaria.**

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar ao alumnado para a realización da ABAU e da proba extraordinaria.

Os membros do departamento estarán algún dos recreos, que teñan libres (previa cita), aclarando posibles dúbidas dos/as alumnos/as e dando as explicacións que necesiten.

A avaliación final extraordinaria consistirá nun exame. O profesor decidirá se o exame debe facerse a man e/ou co ordenador.

Non se recollerán actividades na avaliación final extraordinaria.

11.2. Instrumentos de avaliación das materias pendentes

Os instrumentos de avaliación que se empregarán son:

- Exames.
- **Actividades escritas a man e/ou co ordenador.** Realizadas ao longo do curso. Entregadas en man ou a través da aula virtual.

11.3. Criterios de cualificación das materias pendentes

a) Exames.

Os exames serán valorados de 0 a 10 puntos, tanto na avaliación final ordinaria como na avaliación final extraordinaria. Na avaliación final ordinaria, o exame no que o alumno non se presente e non xustifique a falta será valorado cun 0.

b) Actividades escritas a man e/ou co ordenador.

Só se valorarán as actividades entregadas dentro dos prazos establecidos. A nota máxima que se poderá obter entregando actividades será un 5. O alumnado que queira obter unha nota superior a un 5 na avaliación final ordinaria deberá conseguila no exame de pendentes.

O alumnado deberá entregar un mínimo dun 90% das actividades escritas realizadas de maneira completa e correcta para obter un 5.

A nota que obterá o alumnado que non presente en prazo, como mínimo un 90% das actividades completas e correctas, será inferior a 5. Dita nota será proporcional ao número de actividades entregadas de maneira completa e correcta, considerándose o 5 cando se entreguen un 90% de actividades completas e correctas.

- **A nota da avaliación final ordinaria será a maior das dúas obtidas: a nota do exame (a) ou a nota das actividades escritas a man e/ou co ordenador (b).**
- **A nota da avaliación final extraordinaria será a nota do exame.**

11.4. Criterios de corrección e puntuación

a) Exames.

Nos exames a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación.

b) Actividades escritas a man e/ou co ordenador.

Cada actividade será valorada como correcta ou incorrecta. Durante o curso hai uns prazos para que o alumnado corrixa e complete as actividades incorrectas.

12. Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios en TIC I.

Seguirase o mesmo procedemento que no plan de seguimento de materias pendentes co alumno ou a alumna que necesite acreditar os coñecementos en TIC I. Este procedemento está pensado para o alumnado 2º de bacharelato que por un cambio de modalidade ou por calquera outro motivo non cursase TIC I.

13. Metodoloxía didáctica

Tendo en conta os principios metodolóxicos establecidos no Decreto 86/2015 e as orientacións metodolóxicas do anexo II da ECD65/2015, a metodoloxía ha de ser activa, participativa, investigativa, inclusiva e contextualizada.

Na área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación, procurouse escoller e propoñer as actividades didácticas de tal maneira que:

- a) Fomenten a autonomía do alumno ou a alumna para aprender en por si, desenvolver a súa creatividade e dean resposta a situacións que lle sexan familiares.
- b) Se adapten de maneira adecuada aos contidos do curso e que permitan un desenvolvemento dos mesmos máis en profundidade.
- c) Posúan unha formulación clara á vez que flexible, de forma que os estudantes coñezan sen ambigüidade a tarefa para realizar e, simultaneamente, se lles permita incorporar elementos propios que a enriquezan.
- d) Teñan unha temática variada co obxectivo de chegar ata sensibilidades diferentes e propiciar, en todos os casos, un achegamento ás mesmas que xere curiosidade por aprender.
- e) Sexan motivadoras para o alumnado, escolléndooas de tal forma que non lles sexan alleas e que teñan unha aplicabilidade máis ou menos directa sobre as súas vidas cotiás.

Por todo iso, os tipos de actividades propostas, en grandes grupos, son:

- a) As que axudan no proceso de estruturación, personalización e asimilación do texto.
- b) As que buscan unha aplicación práctica dos contidos expostos, e que, xeralmente, non lle sexan alleas ao alumnado.
- c) As que fomentan a creatividade e a relación con outras partes da materia para dar resposta ás dificultades atopadas.
- d) As que favorecen a investigación, a procura de información, a súa selección, a súa elaboración e a súa exposición final.
- e) As que propician a relación interpersonal grazas aos traballos colaborativos.
- f) As que colaboran a crear un clima de diálogo.

A **Metodoloxía Expositiva** será utilizada por parte do profesor/a en momentos clave, tales como formulacións introdutorias das unidades didácticas, sínteses periódicas e sínteses finais. Levarase a cabo naqueles momentos nos que o alumno necesite unha base técnica ou científica imprescindible para construír a súa aprendizaxe. Para desenvolver esta metodoloxía expositiva apoiarémonos, nalgúns casos, no libro de texto.

Outras Metodoloxías de Indagación, Experimentación e Análise deberán ser utilizadas durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

Nas primeiras sesións do curso dedicaremos o tempo que sexa preciso a explicar ao alumnado como acceder ao curso virtual e o libro dixital (só na ESO), que será o que atopará alí e como facer entrega dos traballos e as actividades.

A aula virtual e o libro dixital (só na ESO) serán recursos a empregar no día a día, aínda que se seguirán utilizando recursos como o libro de texto, a proxección de contidos web ou as explicacións no encerado. O alumnado realizará unha serie de traballos e actividades, principalmente cos ordenadores das aulas de informática, que serán entregados a través da aula virtual do centro (preferentemente). Nalgúns casos os traballos ou as actividades poderán ser feitos a man.

14. Materiais e recursos didácticos

A aula virtual e o libro dixital (só na ESO) serán os principais recursos a empregar no día a día. Para desenvolver algúns contidos empregaranse os libros de texto e materiais didácticos e actividades elaborados polos docentes.

Os libros de texto que se empregarán aparecen reflectidos na táboa:

4º CURSO DA ESO	EDITORIAL ANAYA, ISBN: 978-84-698-1133-7
2º CURSO BACHARELATO	EDITORIAL ANAYA, ISBN: 978-84-698-1307-2

P. D. Os libros de texto son de compra recomendada para os alumnos, non obrigatoria.

Ademais empregaranse os seguintes recursos:

- Explicacións no encerado.
- Ordenadores.
- Software (paquetes ofimáticos, simuladores, programas de deseño gráfico...)
- Encerados dixitais.
- Canóns de vídeo.
- Vídeos.
- Bibliografía técnica.
- Prensa.

15. Medidas de atención á diversidade

O principio de atención á diversidade na área de Tecnoloxías da Información e da Comunicación, enténdese como un **modelo de ensinanza adaptativa**. Cada profesor/a, na aula concreta, desenvolverá as propostas de traballo presentadas para cada curso, adaptándoas ás necesidades educativas e ás características particulares do alumnado. Trátase de planificar recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferentes na aula, adaptadas ás diversas necesidades que vaian xurdindo.

As actuacións planificaranse en diferentes ámbitos: contidos, estratexias didácticas e avaliación.

Contidos

Concrétanse e delimitan aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais. Esta selección de contidos ha de ter en conta o posible grao de dificultade, para desta forma, poder atender as prioridades, distribuíndo o tempo de acordo con aquelas e fixando uns mínimos para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.

Estratexias didácticas

- Realizar procedementos de indagación ou exploración dos diferentes contidos para detectar o nivel de partida dos alumnos.
- Integrar o alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe e implicalos nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia.
- Propoñer actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos aos contidos e con distintos graos de dificultade.
- Propoñer distintas formas de agrupamento do alumnado adaptados aos espazos.
- Tamén se realizarán actividades de carácter individual co alumno, por si mesmo e co apoio do profesor.

Avaliación

Deseñar actividades de avaliación variadas que requiran o emprego de diferentes habilidades e con distintos graos de dificultade.

15.1. Concreción das medidas de atención á diversidade na área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Ademais de empregar un **modelo de ensinanza adaptativa** as medidas de atención á diversidade na materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación centraranse no **reforzo educativo** (só se fose necesario).

Organizaranse **actividades de reforzo** para o alumnado que teña dificultades para seguir o ritmo do grupo. Os membros do departamento estarán algún dos recreos, que teñan libres (previa cita) dando apoio e aclarando posibles dúbidas destes/as alumnos/as.

16. Programación da educación en valores

A educación en valores traballarase durante todo o curso pero hai unidades e actividades nas que se fará dunha maneira máis planificada.

Empregarase unha metodoloxía expositiva, os valores nos que se incidirá dependerán do bloque de contidos que se estea tratando en cada momento.

16.1. 4º CURSO DA ESO.

Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede.

- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Actitude crítica ante calquera elemento do desenvolvemento tecnolóxico que supoña discriminación por razón económica, sexual, racial, cultural, etc., e predisposición a eliminalo.

Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes.

- Sensibilidade ante o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo de materiais de uso técnico e ante a utilización abusiva e inadecuada dos recursos naturais e predisposición a adoptar hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.

Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital.

- Recoñecemento da importancia da expresión gráfica como medio de comunicación.
- Colaboración no traballo en grupo, escoitando e valorando as opinións dos demais.
- Opinión positiva da normalización como necesidade para ampliar e mellorar a expresión e a comunicación.

Bloque 4. Seguridade informática.

- Interese pola procura dos medios máis apropiados durante a resolución de problemas concretos.

Bloque 5. Publicación e difusión de contidos.

- Gusto pola boa presentación e a orde na realización de traballos.
- Respecto pola utilización dos medios informáticos dentro dun marco legal e ético.

Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión.

- Responsabilidade na difusión e no uso de informacións obtidas ou introducidas en internet.
- Valoración da necesidade de que se coñezan e reclamen os dereitos como usuarios ou consumidores dos servizos que ofrece internet.
- Educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.

16.2. 2º CURSO DE BACHARELATO.

Bloque 1. Programación.

- Respecto pola utilización dos medios informáticos dentro dun marco legal e ético.
- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Actitude crítica ante calquera elemento do desenvolvemento tecnolóxico que supoña discriminación por razón económica, sexual, racial, cultural, etc., e predisposición a eliminalo.

Bloque 2. Publicación e difusión de contidos.

- Recoñecemento da importancia da expresión gráfica como medio de comunicación.
- Opinión positiva da normalización como necesidade para ampliar e mellorar a expresión e a comunicación.
- Gusto pola boa presentación e a orde na realización de traballos.
- Responsabilidade na difusión e no uso de informacións obtidas ou introducidas en internet.
- Colaboración no traballo en grupo, escoitando e valorando as opinións dos demais.
- Valoración da necesidade de que se coñezan e reclamen os dereitos como usuarios ou consumidores dos servizos que ofrece internet.

Bloque 3. Seguridade.

- Interese pola procura dos medios máis apropiados durante a resolución de problemas concretos.
- Educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.

17. Accións de contribución ao proxecto lector

O fomento da lectura farase fundamentalmente empregando a aula virtual, o libro dixital (só na ESO), os computadores con conexión a internet, os libros de texto, os canóns de vídeo, os encerados dixitais e a prensa dixital.

Por outra parte, na área das TIC o fomento da escritura farase principalmente empregando soportes electrónicos.

A contribución das TIC ao proxecto lector será:

- Lectura, os días que se impartan clases teóricas, durante un período mínimo de 10 minutos de textos en formato dixital ou do libro de texto como fase previa ao desenvolvemento de calquera contido.
- Lectura atenta dos enunciados das actividades dos distintos temas, como fase primeira e fundamental no proceso de comprensión sintética previa e imprescindible para a súa resolución.
- Lectura de artigos de prensa relativos ás TIC en xeral: descubrimentos, avances, etc.
- Búsqueda en internet, e posterior lectura, de todo tipo de información que poida enriquecer os contidos da programación didáctica.
- Emprego do encerado dixital e o canón de vídeo para mostrar aos alumnos/as todo tipo de documentos que incorporen información textual e gráfica.
- Elaboración de documentos en soporte electrónico que incorporen información textual e gráfica.

18. Accións de contribución ao plan TIC

A achega na área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación ao plan de integración das TIC faise fundamentalmente dende o “mundo da informática”, xa que todos os alumnos terán ao longo do curso todas as horas de docencia nas aulas de informática.

Axudarase á integración das TIC co uso diario de ordenadores, o canón de vídeo e o encerado dixital, ademais do emprego da aula virtual do centro e do libro dixital (só na ESO).

19. Accións de contribucións ao plan de convivencia

- Dar a coñecer entre o alumnado o NOF, especialmente aqueles artigos referidos ás normas de convivencia, á disciplina, o tratamento das faltas, dereitos e deberes.
- Potenciar actividades que favorezan o respecto mutuo.
- Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo.
- Propiciar a colaboración coas familias.
- Constante colaboración coas titoras e titores e co equipo de orientación.

20. Actividades complementarias e extraescolares

No Departamento de Tecnoloxía non se contempla realizar ningún tipo de actividade complementaria nin extraescolar cos alumnos de TIC.

21. Procedementos para avaliar a propia programación

Unha vez ao mes, nas reunións de Departamento, avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos.

Ao finalizar cada trimestre, nas reunións de Departamento, avaliaremos os resultados académicos.

Ao final do curso, plasmarase na memoria unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación.

22. Procedemento para avaliar a práctica docente.

Ao finalizar cada avaliación cada profesor/a do departamento de tecnoloxía avaliará a súa práctica docente empregando os seguintes descritores.

DESCRIPTORES: AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4	5
1.- O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?					
2.- Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?					
3.- Conseguiuse a participación activa do alumnado?					
4.- As necesidades do alumnado foron atendidas?					
5.- Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?					
6.- Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?					
7.- Hai coordinación cos titores dos cursos nos que impartimos clase?					
8.- Hai coordinación coas familias?					
9.- Emprégase a aula virtual e o libro dixital como un recurso diario?					

PROGRAMACIÓN INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (ITI)

ÍNDICE ITI (BLOQUE 3)

1. Competencias clave.....	2
2. Obxectivos.....	3
3. Contidos.....	5
4. Criterios de avaliación.....	7
5. Estándares de aprendizaxe.....	9
6. Táboas LOMCE (Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave).....	12
7. Temporalización	18
8. Mínimos esixibles.....	19
9. Avaliación.....	22
9.1. Procedementos de avaliación.....	22
9.2. Instrumentos de avaliación.....	22
9.3. Criterios de cualificación.....	23
9.4. Criterios de corrección e puntuación.....	24
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	24
11. Plan de seguimento das materias pendentes.....	25
11.1. Procedemento para a cualificación das materias pendentes.....	25
11.2. Instrumentos de avaliación das materias pendentes.....	26
11.3. Criterios de cualificación das materias pendentes.....	26
11.4. Criterios de corrección e puntuación.....	27
12. Metodoloxía didáctica.....	27
13. Materiais e recursos didácticos.....	28
14. Medidas de atención á diversidade.....	28
14.1. Concreción das medidas de atención á diversidade na materia de Investigación e Tratamento da Información.....	29
15. Programación da educación en valores.....	29
16. Accións de contribución ao proxecto lector.....	30
17. Accións de contribución ao plan TIC.....	31
18. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	32
19. Actividades complementarias e extraescolares.....	32
20. Procedementos para avaliar a propia programación.....	32
21. Procedemento para avaliar a práctica docente.....	33

1. Competencias clave

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Despois dos estándares de aprendizaxe desta programación, aparecen as táboas do decreto do currículo que relaciona os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

2. Obxectivos ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. Contidos

3.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información.
- B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.
- B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.
- B1.4. Estratexias de procura eficaz.
- B1.5. Dereitos de autoría.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.
- B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.
- B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.
- B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.
- B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.
- B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.
- B2.8. Fiabilidade dos espazos web.
- B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc.
- B2.10. Valoración da información recollida na rede.

Bloque 3. Organizarse para investigar.

- B3.1. Procesos de investigación.
- B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.
- B3.3. Traballo en grupo.
- B3.4. Preparación da procura informativa.
- B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.
- B4.2. Análise e comprensión da información atopada.
- B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.
- B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.
- B4.5. Citas e referencias.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- B5.1. Organización e reelaboración da información.
- B5.2. Estruturação da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.
- B5.3. Reelaboración e personalización da información.
- B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.
- B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.
- B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).
- B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).
- B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.
- B5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.
- B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.

4. Criterios de avaliación

4.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.
- B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.
- B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.
- B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.
- B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.
- B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.
- B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.
- B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.
- B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.
- B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.
- B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.
- B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
- B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.

Bloque 3. Organizarse para investigar.

- B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación.
- B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.
- B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.
- B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.
- B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.
- B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontínuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).
- B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.
- B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.
- B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.
- B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.
- B5.3. Estruturar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.
- B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.
- B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.
- B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.
- B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.
- B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentación eficaces, etc.).
- B5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).
- B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.

5. Estándares de aprendizaxe

5.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- B1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.
- B1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
- B1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.
- B1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.
- B1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades Informativas.
- B1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
- B1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.
- B1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
- B1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- B2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.
- B2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.
- B2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.
- B2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.
- B2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.
- B2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- B2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.
- B2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.
- B2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.
- B2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
- B2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.
- B2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.
- B2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.

- B2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
- B2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.
- B2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

Bloque 3. Organizarse para investigar.

- B3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.
- B3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.
- B3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.
- B3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.
- B3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.
- B3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- B4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.
- B4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.
- B4.1.3. Concreta o proceso de procura de información.
- B4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.
- B4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
- B4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.
- B4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).
- B4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.
- B4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- B5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.
- B5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.
- B5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.
- B5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.
- B5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.
- B5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.
- B5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.
- B5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.

- B5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.
- B5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.
- B5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.
- B5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.
- B5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.
- B5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.
- B5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.
- B5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.
- B5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.
- B5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.

Táboas que relacionan os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

6.1. 2º CURSO DA ESO.

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b e f g	B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información	Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información. INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
a b e f g n	B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	CCL CD CAA
e g n	B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido. INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas. INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	CD CAA CSIEE CCL CAA CSIEE CAA
b e h	B1.4. Estratexias de procura eficaz.	B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados. INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	CCL CAA CCL CAA CD
n o	B1.5. Dereitos de autoría.	B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	CSC CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección		
b e f	B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.	CCL CAA CAA CSIEE
e h g	B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia. INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	CAA CD CSIEE CAA CD CSIEE
b e h	B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	CD CAA CSIEE CD
b g h	B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.	INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información. INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web. INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo. INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	CD CAA CSIEE CD CAA CSIEE CD CAA CSIEE
e g h	B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.	B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.	INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	CD CSC CSIEE

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e g	B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.	B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.	INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	CD CSC CSIEE
e g h	B2.8. Fiabilidade dos espazos web.	B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	CCL CD CAA
b e g	B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galpedia, Wikipedia, etc.	B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galpedia, etc.	INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galpedia, etc.	CD CSC
e g h	B2.10. Valoración da información recollida na rede.	B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede. INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	CCL CD CAA CCL CD CAA
Bloque 3. Organizarse para investigar				
b e	B3.1. Procesos de investigación.	B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	CAA CSIEE
b e g	B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	CCL CAA
a b g	B3.3. Traballo en grupo.	B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	INEINB3.3.1. Escolta aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas. INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilizase das que lle corresponden.	CCL CAA CSC CAA CSC
b g	B3.4. Preparación da procura informativa.	B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	CCL CAA
b e	B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	B.3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	CCL CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e g	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	Bloque 4. Procura e tratamento da información B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas disponibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	CCL CD CAA
			INEINB4.1.2. Localiza os recursos disponibles e acordés á súa necesidade informativa.	CCL CD CAA
			INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información	CCL CD CAA
			INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	CCL CD CAA
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, discontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	CCL CD CAA
			INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	CCL CD CAA
b e h	B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	CCL CD CAA
			INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	CCL CD CAA
a b e o	B4.5. Citas e referencias.	B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.	INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citas correctamente.	CCL CD CAA CSC CCEC

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación		
b e g	B5.1. Organización e reelaboración da información.	B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	CCL CD CAA
b e h	B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, cadros de información recuperada.	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	CCL CD CAA
b e g	B5.3. Reelaboración e personalización da información.	B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	CCL CD CAA
b e g h	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc. INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	CCL CD CAA CCL CD
b e g h	B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	CCL CD CAA CCL CD CAA
a h n	B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se reve a forma de citar diferentes fontes.	INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados. INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	CAA CD CSC CCEC CCL CD CAA CSC
b e g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	CD CCEC

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	CCL CD
g h	5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escolta atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	B.5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escolta atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.)	INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados. INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecto o traballo alieo.	CCL CSIEE CCL CSC CSIEE
b e g	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar conciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	INEINB5.9.3. Escolta con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo. INEINB5.10.1. Avalia, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas. INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	CCL CSC CAA CSIEE CAA CSIEE CAA CSC CAA CSIEE

7. Temporalización

2º CURSO DA ESO.

Os contidos divídense en 5 bloques, a súa temporalización aproximada é a seguinte:

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital. → 5 sesións.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección. → 5 sesións.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Bloque 3. Organizarse para investigar. → 5 sesións.

Bloque 4. Procura e tratamento da información. → 5 sesións.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación. → 10 sesións.

8. Mínimos esixibles

8.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- B1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.
- B1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
- B1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.
- B1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.
- B1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades Informativas.
- B1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
- B1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.
- B1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
- B1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- B2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.
- B2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.
- B2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.
- B2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.
- B2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.
- B2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- B2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.
- B2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.
- B2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.
- B2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
- B2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.
- B2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.
- B2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.
- B2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
- B2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.
- B2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

Bloque 3. Organizarse para investigar.

- B3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.
- B3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.
- B3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.
- B3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.
- B3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.
- B3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- B4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.
- B4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.
- B4.1.3. Concreta o proceso de procura de información.
- B4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.
- B4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
- B4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.
- B4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).
- B4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.
- B4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- B5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.
- B5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.
- B5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.
- B5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.
- B5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.
- B5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.
- B5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.
- B5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.
- B5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.
- B5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.
- B5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.
- B5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.

- B5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.
- B5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.
- B5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.
- B5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.
- B5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.
- B5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.

9. Avaliación

9.1. Procedementos de avaliación

- **Avaliacións ordinarias.**

En cada bloque de contidos propoñeranse unha serie de traballos ou actividades. Nalgúns casos os traballos ou as actividades deberán ser escritos e noutros serán realizados co ordenador. Os traballos ou as actividades serán entregados a través da aula virtual do centro (preferentemente) e serán empregados como instrumentos de avaliación.

- **Recuperacións.**

As recuperacións dos bloques de contidos suspensos faranse mediante exames. Dependendo dos contidos o profesor decidirá se deben facerse a man e/ou co ordenador.

Os bloques de contidos que se suspendan na primeira ou na segunda avaliación recuperaranse na avaliación seguinte, os que se suspendan na terceira avaliación recuperaranse ao final da terceira avaliación.

Deberanse recuperar todos os bloques de contidos nos que se obtiveron puntuacións inferiores a 3 puntos. Os bloques de contidos suspensos con notas iguais ou superiores a 3 puntos deberán ser recuperados só cando a nota media da avaliación sexa inferior a cinco, de acordo cos criterios de cualificación.

A alumna ou alumno que non aprobe a materia despois de facer as recuperacións ordinarias poderá realizar recuperacións extraordinarias dos bloques de contidos suspensos. Estas recuperacións extraordinarias faranse despois da terceira avaliación.

- **Avaliación final ordinaria**

O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Logo da 3ª avaliación, para o alumnado coa materia suspensa realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño dos correspondentes exames de recuperación. Os alumnos suspensos durante as clases dese período resolverán as dúbidas, recibirán as explicacións precisas e realizarán actividades para preparar as recuperacións.

Os alumnos coa materia aprobada durante as clases dese período resolverán as dúbidas, recibirán as explicacións precisas e farán actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación.

9.2. Instrumentos de avaliación

- Traballos ou actividades realizados polos alumnos (instrumento fundamental de avaliación).
- Exames feitos a man e/ou co ordenador.

9.3. Criterios de cualificación

Todos os exames, os traballos e as actividades serán valorados de 0 a 10 puntos.

Os exames nos que o alumno non se presente e non xustifique a falta serán valorados cun 0.

Os traballos e as actividades non presentados e os entregados fóra de prazo (sen xustificación) serán valorados cun 0.

Para calcular a nota dun bloque de contidos asignaráselle unha ponderación a cada traballo ou actividade feito dese bloque de contidos. Dita ponderación variará en función do número de sesións dedicadas á realización do devandito traballo ou actividade.

Considerarase que o bloque de contidos está aprobado cando a nota sexa igual ou superior a 5.

- **Avaliacións ordinarias.**

A nota da avaliación calcularase facendo a media ponderada das notas de todos os bloques de contidos que haxa na avaliación (a ponderación variará en función do número de sesións que se dediquen a desenvolver cada bloque de contidos). Considerándose aprobada cando a media ponderada sexa igual ou superior a 5.

Para poder aprobar unha avaliación, a nota obtida en cada un dos bloques de contidos ten que ser igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media ponderada sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

- **Recuperacións.**

Cando dalgún bloque de contidos se faga unha recuperación, para recalcular a nota da avaliación **escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles**: nota do bloque de contidos antes da recuperación e nota do bloque de contidos na recuperación. **En caso de facer máis dunha recuperación, dunha mesma parte da materia, terase en conta a recuperación na que sacase maior nota.**

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase **calculando a media aritmética das tres avaliacións**. Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia logo da terceira avaliación farán actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A realización desas actividades e/ou traballos permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).**

9.4. Criterios de corrección e puntuación

Nos exames a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Nos exames teóricos terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación. O mesmo criterio terase en conta á hora de corrixir os traballos e as actividades.

10. Procedementos para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso realizarase unha proba feita a man e/ou co ordenador. Servirá para avaliar os coñecementos previos do alumnado, así como as súas capacidades.

Ao ser o primeiro ano que cursan a materia de Investigación e Tratamento da Información (ITI), a proba basearase nos contidos das áreas máis afíns á ITI.

11. Plan de seguimento das materias pendentes

11.1. Procedemento para a cualificación das materias pendentes

Os membros do departamento de tecnoloxía decidimos que, dado que no presente curso será imposible impartir clases específicas de recuperación de materias pendentes, o programa de reforzo para a superación de materias pendentes de cursos anteriores consista na **realización de actividades por parte dos alumnos**. Dependendo dos contidos o profesor decidirá se deben facerse a man e/ou co ordenador.

Os contidos esixibles serán os que aparecen no apartado de mínimos esixibles da programación de ITI.

- **Avaliación ordinaria.**

- **Antes de que remate a 3ª avaliación.**

Antes de que remate a terceira avaliación parcial o alumnado terá dúas opcións para recuperar a materia de ITI pendente:

- a) **Exame.**

No mes de maio haberá un **exame de todo o temario**. O profesor decidirá se o exame debe facerse a man e/ou co ordenador.

- b) **Actividades escritas a man e/ou co ordenador.**

Repartirase a materia en dous bloques e entregaráselle a cada alumno actividades de cada un dos bloques. As actividades realizaranas pola súa conta, coa axuda de todo o material didáctico que desexen. As dúbidas que lles xurdan resolveranas con calquera profesor do Departamento.

As actividades feitas a man deberán ser entregadas a algún profesor do Dpto. de Tecnoloxía ou a través da aula virtual. As actividades feitas co ordenador deberán ser entregadas a través da aula virtual.

A data para que os alumnos entreguen as actividades será: **bloque 1, último día lectivo antes do 15 xaneiro e bloque 2, último día lectivo antes do 15 de abril**. Aos alumnos que entregan as actividades nos prazos, e unha vez corrixidas polo profesor, daráselles un prazo adicional de 15 días para a repetición das actividades incompletas e/ou incorrectas.

- **Despois de que remate a 3ª avaliación.**

Despois de que remate a terceira avaliación parcial o alumnado terá dúas opcións para recuperar a materia de ITI pendente:

- c) **Exame.**

No mes de xuño haberá un **exame de todo o temario**. O profesor decidirá se o exame debe facerse a man e/ou co ordenador.

- d) **Actividades escritas a man e/ou co ordenador.**

Só o alumnado que teña entregado antes de que termine a 3ª avaliación polo menos o 75 % das actividades (realizadas de maneira correcta) poderá entregar as actividades que lle faltan para aprobar antes do 10 de xuño.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

Logo da terceira avaliación, para o alumnado que teña a materia de pendentes suspensa realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño dos correspondentes exames de recuperación.

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final poderán facer actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación.

Os membros do departamento estarán algún dos recreos que teñan libres (previa cita) aclarando posibles dúbidas dos/as alumnos/as e dando as explicacións que necesiten.

11.2. Instrumentos de avaliación das materias pendentes

Os instrumentos de avaliación que se empregarán son:

- **Exames.** Un en maio e outro en xuño.
- **Actividades escritas a man e/ou co ordenador.** Realizadas ao longo do curso. Entregadas en man ou a través da aula virtual.

11.3. Criterios de cualificación das materias pendentes

a) Exames.

Os exames serán valorados de 0 a 10 puntos. Os exames nos que o alumno non se presente e non xustifique a falta serán valorado cun 0. En caso de facer dous exames, un en maio e outro en xuño, para determinar a nota da avaliación final terase en conta o exame coa nota máis alta.

b) Actividades escritas a man e/ou co ordenador.

Só se valorarán as actividades entregadas dentro dos prazos establecidos. A nota máxima que se poderá obter entregando actividades será un 5. O alumnado que queira obter unha nota superior a un 5 na avaliación final ordinaria deberá conseguila nos exames de pendentes.

O alumnado deberá entregar un mínimo dun 90% das actividades escritas realizadas de maneira completa e correcta para obter un 5.

A nota que obterá o alumnado que non presente en prazo, como mínimo un 90% das actividades completas e correctas, será inferior a 5. Dita nota será proporcional ao número de actividades entregadas de maneira completa e correcta, considerándose o 5 cando se entreguen un 90% de actividades completas e correctas.

- **A nota da avaliación final será a maior das dúas obtidas: a nota do exame con mellor nota (a) ou a nota das actividades escritas a man e/ou co ordenador (b).**

Os alumnos que xa teñan aprobada a materia logo da terceira avaliación poderán facer actividades e/ou traballos de reforzo e/ou ampliación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A realización desas actividades e/ou traballos permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).**

11.4. Criterios de corrección e puntuación

a) Exames.

Nos exames a valoración de cada unha das preguntas farase de maneira proporcional á cantidade de contidos respondidos ou realizados e ao número de erros cometidos. Terase tamén en conta o vocabulario utilizado, as expresións empregadas e a presentación.

b) Actividades escritas a man e/ou co ordenador.

Cada actividade será valorada como correcta ou incorrecta. Durante o curso hai uns prazos para que o alumnado corrixa e complete as actividades incorrectas.

12. Metodoloxía didáctica

Os principios metodolóxicos xerais que serán utilizados para organizar o proceso de ensino na materia de Investigación e Tratamento da Información son:

- Metodoloxía activa, participativa e investigativa, baseada na aprendizaxe autónoma dos alumnos.
- Partirase das ideas e concepcións previas do alumnado, favorecendo a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contemplará a atención personalizada do alumnado, respondendo á súa diversidade.
- Os contidos e actividades propostos serán significativos para o alumnado.
- Buscará a funcionalidade, como unha utilización variada de medios, técnicas e recursos didácticos.
- O profesor/a é o axente que estrutura as experiencias de aprendizaxe e estimula o alumno/a.

A **Metodoloxía Expositiva** será utilizada por parte do profesor/a en momentos clave, tales como formulacións introdutorios das unidades didácticas, sínteses periódicas e sínteses finais. Levarase a cabo naqueles momentos nos que o alumno necesite unha formación básica imprescindible para construír a súa aprendizaxe.

Outras Metodoloxías de Indagación, Experimentación e Análise deberán ser utilizadas durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

Nas primeiras sesións do curso dedicaremos o tempo que sexa preciso a explicar ao alumnado como acceder ao curso virtual e o libro dixital, que será o que atopará alí e como facer entrega dos traballos e as actividades.

A aula virtual e o libro dixital serán recursos a empregar no día a día, tamén se empregarán recursos da biblioteca do centro, a proxección de contidos web ou as explicacións no encerado. O alumnado realizará unha serie de traballos e actividades a man e/ou co ordenador. As actividades feitas a man entregaranse ao profesor ou a través da aula virtual. As actividades feitas co ordenador entregaranse a través da aula virtual.

13. Materiais e recursos didácticos

A aula virtual e o libro dixital serán recursos a empregar no día a día, tamén se empregarán recursos da biblioteca do centro (enciclopedias, libros, revistas...). Para desenvolver algúns contidos empregaranse materiais didácticos e tarefas elaborados polos docentes. Non se empregará libro de texto.

Ademais empregaranse os seguintes recursos:

- Explicacións no encerado.
- Ordenadores.
- Software (paquetes ofimáticos, programa Meiga de xestión da biblioteca do centro...)
- Encerados dixitais.
- Canóns de vídeo.
- Vídeos.
- Recursos da biblioteca do centro (enciclopedias, libros, revistas...)
- Prensa.

14. Medidas de atención á diversidade

O principio de atención á diversidade na materia de Investigación e Tratamento da Información, enténdese como un **modelo de ensinanza adaptativa**. Cada profesor/a, na aula concreta, desenvolverá as propostas de traballo presentadas para o curso, adaptándoas ás necesidades educativas e ás características particulares do alumnado. Trátase de planificar recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferentes na aula, adaptadas ás diversas necesidades que vaian xurdindo.

As actuacións planificaranse en diferentes ámbitos: contidos, estratexias didácticas, avaliación.

Contidos

Concrétanse e delimitan aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais. Esta selección de contidos ha de ter en conta o posible grao de dificultade, para desta forma, poder atender as prioridades, distribuindo o tempo de acordo con aquelas e fixando uns mínimos para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.

Estratexias didácticas

- Realizar procedementos de indagación ou exploración dos diferentes contidos para detectar o nivel de partida dos alumnos.
- Integrar o alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe e implicalos nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia.
- Propoñer actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos aos contidos e con distintos graos de dificultade.
- Propoñer distintas formas de agrupamento do alumnado.
- Tamén se realizarán actividades de carácter individual, co alumno, por si mesmo e co apoio do profesor.

Avaliación

Deseñar actividades de avaliación variadas, que requiran o emprego de diferentes habilidades e con distintos graos de dificultade.

14.1 Concreción das medidas de atención á diversidade na materia de Investigación e Tratamento da Información

Ademais de empregar **un modelo de ensinanza adaptativa** as medidas de atención á diversidade na materia de Investigación e Tratamento da Información centraranse no **reforzo educativo** (só se fose necesario).

Organizaranse **actividades de reforzo** para o alumnado que teña dificultades para seguir o ritmo do grupo. Os membros do departamento estarán algún dos recreos, que teñan libres (previa cita) dando apoio e aclarando posibles dúbidas destes/as alumnos/as.

15. Programación da educación en valores

A educación en valores traballarase durante todo o curso pero hai actividades nas que se fará dunha maneira máis planificada.

Empregarase unha metodoloxía expositiva, os valores nos que se incidirá dependerán do bloque de contidos que se estea tratando en cada momento.

15.1. 2º CURSO DA ESO.

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- Respecto pola autoría de textos ou imaxes.
- Actitude crítica ante calquera elemento que supoña discriminación por razón económica, sexual, racial, cultural, etc., e predisposición a eliminalo.
- Valoración e respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Predisposición ao aforro de enerxía.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- Respecto pola utilización dos medios informáticos dentro dun marco legal e ético.
- Valoración da necesidade de que se coñezan e reclamen os dereitos como usuarios ou consumidores dos servizos que ofrece internet.

Bloque 3. Organizarse para investigar.

- Colaboración no traballo en grupo, escoitando e valorando as opinións dos demais.
- Educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.
- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- Interese pola procura dos materiais máis apropiados durante a resolución de problemas concretos.

- Sensibilidade ante o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo de materiais de uso técnico e ante a utilización abusiva e inadecuada dos recursos naturais e predisposición a adoptar hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.
- Adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- Gusto pola limpeza e a orde na presentación de traballos.
- Responsabilidade na difusión e no uso de informacións obtidas ou introducidas en internet.
- Recoñecemento da importancia da expresión gráfica como medio de comunicación.
- Opinión positiva da normalización como necesidade para ampliar e mellorar a expresión e a comunicación.

16. Accións de contribución ao proxecto lector

Na materia de Investigación e Tratamento da Información o fomento da lectura farase fundamentalmente empregando a aula virtual, o libro dixital, enciclopedias, libros, prensa, computadores con conexión a internet, canóns de vídeo e encerado dixital.

Por outra parte, o fomento da escritura farase mediante documentos escritos e principalmente empregando soportes electrónicos.

A contribución da materia de Investigación e Tratamento da Información ao proxecto lector será:

- Lectura atenta dos enunciados das actividades propostas, como fase primeira e fundamental no proceso de comprensión sintética previa e imprescindible para a súa resolución.
- Lectura de libros, enciclopedias artigos de prensa, revistas, etc. para a localización e selección de información.
- Búsqueda en internet, e posterior lectura, de todo tipo de información que poida enriquecer os contidos da programación didáctica.
- Emprego do encerado dixital e os canóns de vídeo para mostrar aos alumnos/as todo tipo de documentos que incorporen información textual e gráfica.
- Elaboración de documentos escritos a man ou en soporte electrónico que incorporen información textual e gráfica.

17. Accións de contribución ao plan TIC

O centro foi seleccionado para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal), fai 2 cursos implantouse en 1º da ESO e o curso pasado en 2º, 3º e 4º da ESO.

Ademais dende o curso 2011-12 o centro IES VAL DO TEA pertence ao Proxecto Abalar, estando xa dotadas co material correspondente (ultraportátiles dos alumnos/as, portátil do profesor/a, encerado dixital e canón de vídeo) as aulas de 1º e 2º curso da ESO. Por medio do proxecto Abalar, desde xaneiro do 2016, dotáronse con portátil profesor/a, canón de vídeo e encerado dixital todas as aulas do centro que aínda non os tiñan.

A achega da materia de Investigación e Tratamento da Información ao plan de integración das TIC faise fundamentalmente dende o “mundo da informática”, xa que boa parte das horas de docencia da materia desenvolveranse na aula de informática.

Ademais nas outras horas de docencia axudarase á integración das TIC xa que se empregará o libro dixital, a aula virtual do centro, os canóns de vídeo, os encerados dixitais e os portátiles dos/as alumnos/as.

Na materia de Investigación e Tratamento da Información de 2º curso da ESO, as tecnoloxías da información e a comunicación forman parte dos contidos propios da área:

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
- Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.
- Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.
- Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
- Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.
- Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.
- Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.
- Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
- Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.
- Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

Bloque 4. Procura e tratamento da información.

- Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación.

- Elabora textos propios mediante un procesador de textos.
- Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.
- Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.
- Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

18. Accións de contribucións ao plan de convivencia

- Dar a coñecer entre o alumnado o NOF, especialmente aqueles artigos referidos ás normas de convivencia, á disciplina, o tratamento das faltas, dereitos e deberes.
- Potenciar actividades que favorezan o respecto mutuo.
- Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo.
- Propiciar a colaboración coas familias.
- Constante colaboración coas titoras e titores e co equipo de orientación.

19. Actividades complementarias e extraescolares

Tentarase facer unha saída didáctica á biblioteca municipal para que lles expliquen o funcionamento da mesma e menciónenlles os recursos que poden atopar nela.

20. Procedementos para avaliar a propia programación

Unha vez ao mes, nas reunións de Departamento, avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos.

Ao finalizar cada trimestre, nas reunións de Departamento, avaliaremos os resultados académicos.

Ao final do curso, plasmarase na memoria unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación.

21. Procedemento para avaliar a práctica docente.

Ao finalizar cada avaliación cada profesor/a do departamento de tecnoloxía avaliará a súa práctica docente empregando os seguintes descritores.

DESCRIPTORES: AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4	5
1.- O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?					
2.- Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?					
3.- Conseguiuse a participación activa do alumnado?					
4.- As necesidades do alumnado foron atendidas?					
5.- Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?					
6.- Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?					
7.- Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?					
8.- Hai coordinación cos titores dos cursos nos que impartimos clase?					
9.- Hai coordinación coas familias?					
10.- Emprégase a aula virtual e o libro dixital como un recurso diario?					

En Ponteareas, a 8 de setembro de 2022.

Asdo: José Ramos Pato
(Dpto. Tecnoloxía)

M^a Soledad Álvarez
(Dpto. Tecnoloxía)

Asdo: Juan Luis Paz Rodríguez
(Xefe do Departamento de Tecnoloxía)